

*Refráns e Coplas Populares
da Gaita e do Gaiteiro*

por Xesús Ferro Ruibal



Obradoiro de Gaitas Seivane

Velaí vos van, como homenaxe a toda esa familia.

Vós, como artesáns, fixestes da gaita técnica científica e cousa de arte maior.

A gaita para os refráns nalgúns casos é simplemente “festa, lecer, pasatempo” e por iso se opón, no caso da muller, a gaita á roca, é dicir, o lecer ó traballo. Pero desque vós convertéste-la gaita na vosa profesión, para Susana a gaita é gaita e tamén roca.

Xesús Ferro Ruibal

08/11/2006

Refráns da gaita

- A.** *A gaita a ninguén fai mal, se non é a quen a toca.*
- A gaita é para o gaiteiro.*
"Ben din ali: a gaita é prô gaiteiro. As veces era millor un home deitarse na cama..."
- A gaita é pra o gaiteiro.*
- A gaita é pró gaiteiro e o tamboril pró tamborileiro.*
A misa, que a diga o crego.
- A gaita éche para o gaiteiro.*
- Á gaita hai que saberlle tempera-lo fol.*
- A gaita mala non é, mais faltará quen a toque.*
- A gaita mala non é, mais ¿habará quen a toque?*
- A gaita para o gaiteiro.*
A ferramenta ou a resolución dun asunto para quen o entenda.
- A gaita que-lo gaiteiro.*
Cada oficio ou profesión existe para o seu desempeño persoas competentes.
- A gaita quer o gaiteiro.*
- A mellor festa galega ten que lucir un gaiteiro, que habendo gaita e mociñas, non se precisa diñeiro.*
- A muller que é coidadosa, deixa a gaita e colle a roca.*
- A ninguén aburre a gaita non sendo ó que a toca.*
- Alcacén mollado non toca a gaita.*
- Alegría, alegría é a gaita, pero millor alegría é a barriga farta.*
Amor sin conversación é coma gaita sin punteiro nin roncón.
- B.** *Barriga farta, tambor e gaita.*
Ou, como di outro refrán, A danza sae da panza.
- Birimbau non é gaita, é un ferriño que se toca cos dentes.*
Non se debe confundir unha cousa con outra.
- C.** *Cada quen na vida danza ó son de quen toca a gaita.*
- Campanas por gaitas e cregos por danzantes.*
Extrema gaudii luctus occupat: "o final da alegría é o loito". É o eterno drama da vida.
- Cousas de pícaros, tamboril e gaita.*
- D.** *De barriga farta, tamboril e gaita.*
- Despois de barriga farta, tambor e gaita.*
- Despois de morrer ¡campás por gaitas!*
- Despois que morra campana por gaitas e cregos por danzantes.*
- Dispois de morrer, campanas por gaitas.*
- E.** *En xaneiro colle a gaita e deixa o pandeiro.*
- Enterro sen choro e romería sen gaita, non ten gracia.*
- Enterro sen choros e romaría sen gaita non ten gracia.*
- Está duro o alcacén para gaitas.*
- G.** *Gaita de pau non toca ben.*
- Gaita paga non fai son.*
- I.** *Ir mexar e non botar un peido, é como gaita sen tamborileiro.*
- M.** *Muller riseira, gaita ou meiga.*
Gaita é a muller chamada cabra, algo desenvolta e que lle gusta gaitear ou cabrear cos homes.
- Muller sin marido, romeiría sin gaita, festa sin trigo.*
- Muller sin marido, romería sin gaita, festa son trigo.*
Alusión a tempos pasados en que nas romarías só tocaban os gaiteiros e tamén ó costume de merca-lo pantrigo prá festa do patrón, un dos poucos días en que este se probaba, pois decote comíase centeo ou broa.
- N.** *Na morte, campana por gaita*
- Nadie se cansa de gaita non sendo o que a toca.*
- Non é c. nin farrapo de gaita.*
- Non é... "tal" nin farrapo de gaita.*
- Non enfada a gaita senón a quen a toca.*
- Non está o alcacén pra gaitas.*
- Non hai festa sin gaita nin foguetes, nin capa vella que non teña setes.*
- Non sempre está o alcacén pra gaitas.*
- Non sempre o alcacén está para gaitas.*
- Non sempre o alcacén está pra gaitas.*
- Non toda a festa ha de ser gaita.*

Non veñas con lilainas, que non está o al-
cacén pra **gaitas**

- O.** O amor sen conversación é coma festa sen **gaita** nin folión.
- O amor sen conversación é como **gaita** sen punteiro nin roncón.
- O amor sin conversación é como festa sin **gaita**, nin folión.
- O beilar homes con homes e mulleres con mulleres é coma a **gaita** sin foles e tamboril sin cordeles.
- O bo gaiteiro morre tocando a **gaita**.
- O demo as tapa e o demo as destapa con tamboril e **gaita**.
- O demo para as facer cobre unha manta e para a desfacer/descubrir toca unha **gaita**.
- O demo para facelas cubre unha manta, e para descubrirlas toca unha **gaita**.
"Din que o demo pra facelas cubre unha manta, e pra descubrirlas toca unha gaita, e isto debe ser verdade..". Dise cando se produce un fracaso inesperado.
- O demo para facelos, tapa con unha manta e para descubrilos, toca unha **gaita**.
- O demo pra facelas leva unha manta, e pra descubrirlas toca unha **gaita**
- O demo, p'as facere, ten unha manta, e p'as descubrir, unha **gaita**.
- O demo, pr'as facer, pon a manta e, para as descubrir, toca a **gaita**.
- O demo, para facelos, tapa con unha manta, e para descubrilos toca unha **gaita**.
- O demo, pra facelas, cobre unha manta, e pra desfacelas toca unha **gaita**.
- O demo, prás facer, pon unha manta e, prás descubrir, toca unha **gaita**.
- O gaiteiro de Vioño, mala sentencia cho mate, non che quer toca-la **gaita** se non lle dan chocolate.
- O gaiteiro polo vran non ten máis labor que andar coa **gaita** na man.
- O gaiteiro sen a **gaita**, non ten donaire nin sal, fai como a muller sen roca, que mal-dita cousa val.

O mexar sin botar un peido e como a **gaita** sin tamborileiro.

O pranto nun enterro é como a **gaita** nun turreiro.

O pranto nun enterro é como a **gaita** nun turreiro.

O que mexa e non caga un peido é unha **gaita** sin punteiro.
Excusa razoada.

O que mexa e non caga un peido é unha **gaita** sin punteiro.
"Excusa razonada" di Nicanor Rielo Carballo ó comentar este refrán. Outro varia ó dicir é unha gaita sin tamborileiro.

O que mexa e non solta o peido, é coma **gaita** sin tamborileiro.

O secreto dos rapaces é como a **gaita** na romería.

O secreto dos rapaces é como a **gaita** na rúa.

O si e o non andan sempre en conversación, coma a **gaita** na procesión.

P. Palabras sen feito, **gaita** sen punteiro.

Palabras sin feitos, **gaita** sin punteiro.

Palabras sin feito, **gaita** sin punteiro.

Polo San Xoán andan coa **gaita** na man.

Pra facelas, leva unha manta; e pra descubrirlas, toca unha **gaita**

Prá **gaita** n'hai perna coxa.

Prá **gaita** non hai perna coxa

S. Sin **gaita** nin *fuego non quero o ceo.

Expresión da afición ás festas, nas que non poden faltar a **gaita** nin os fogos.

T. Ti pensas que o birimbau é **gaita**.

U. Un chopo no mar, **gaitas** a cantar.

Unha muller bandola é coma **gaita** na boda.

Os dicionarios non traen bandola pero definen bandolas como "torpe, desmañado, falto de destreza, tousco, rudo, groseiro, inculto.

X. Xente do Pereiro, tamboril e **gaita**.

O gaiteiro no cantigueiro popular

1. *A mellor festa de Entroido
ten que lucir un **gaiteiro**,
que habendo gaitas e mozas
non se precisa diñeiro.*
2. *A mellor festa galega
ten que lucir un **gaiteiro**;
en habendo gaita e mociñas,
non se precisa diñeiro.*
3. *A miña sogra sanou,
malia a salú feiteiceira,
que, se ela lle non viñera,
tiña unha vida gaiteira.*
4. *A muller do gaiteriño
saliu a probar fortuna;
ela toca as dúas gaitas
e outra non toca ningunha.*
5. *A oliveira do adro
malia a *salud feiteiceira,
que, si ela non lle viñera,
tiña unha vida gaiteira.*
6. *... -agora, mi vida,
gaiteiro xa temos,
fáltanos danzante,
¿onde o hallaremos?
E saliu o sapo
como un trunfante:
-Sígase a voda
que eu son danzante.
...*
7. *...agora, vaca xa a temos:
¡gaiteiro de mi vida,
onde o buscaremos!...*
8. *... -Agora, mi vida,
manteles xa temos,
fáltanos **gaiteiro**,
¿onde o hallaremos?
E saliu o grilo
do seu grileiro:
-Sígase a voda
que eu son **gaiteiro**.*

Ahora **gaiteiro
xa o temos:
¡tamborileiro de mi vida
dond'o buscaremos!*
9. *-Aí ven o **gaiteiro**,
deixaino pasar
coa gaita ó carrelo
do fondo do lugar.*
10. *Aí vos vai o **gaiteiro**,
aí vos vai, aí vos vai;
aí vos vai o **gaiteiro**
por detrás do pinar.*
11. *Alá no alto da serra
cantab'o galo i-onha pita cega;
o galo canta i-a pita chora,
porqu'os poliños dormían fóra;
o boi berra i-a vaca múa,
i-o castrón tócall'a murnia,
o carneiro é tamborileiro,
i-aló vou eu, que son o **gaiteiro**.*
12. *Aló arriba no alto da serra
hai un galo e unha pita choca
o galo canta e a pita chora
porque lle dormen os polos fóra
o boi brúa a vaca ll'axuda
o carneiro tamboreteiro
aló vou eu, qu'hei se-lo **gaiteiro**.*
13. *Ó criado do **gaiteiro**
déronlle un óso a xantar,
dixo que, si fora can,
tiña ben en que rillar.*
14. *As mozas de Rebordán
cando bailan no quinteiro
botan os ollos prá gaita
as olladas pró **gaiteiro**.*
15. *Avistein o **gaiteiro**
vir detrás do pinal
iast'os pinos lle zumban
ia arrumboum' a rumber.*
16. *Cando queirandes mandar
avisarendes primeiro
que vos imos acadar
con foguetes e **gaiteiro**.*
17. *Canta, rula, canta, rula,
por riba de un castiñeiro;
xa non quero máis amores
con ningún mozo **gaiteiro**.*
18. *Canto canto...
é porque...
ti vai't'a ve-lo **gaiteiro**
que en Neaño está tocando ai la...*

19. *Con un sombreiro de pallas
un galego a Belén foi
mentres adorou ó Neno
comeulle o sombreiro o boi
eí vai o **gaiteiro**, deixaino pasar,
que vai cara Belén a Xesús adorar.*
20. *Correde, neniñas,
correde a bailar,
qu'o novo **gaiteiro**
non ha de faltar.*
21. *Dicen que o carro canta
coma gaita do **gaiteiro**,
ten o eixe de sanguinho
i as treitoiras de ameneiro.*
22. *Dónde vér, gaiteiriño,
dónde véis de verau
todos na sacha do millo
e tu coa ghaita na mau.*
23. *Dos Chaus a Facós
todo é parola;
elí está tocando
o **gaiteiro** a viola.*
24. *E no medio, no medio da ría,
ó compás, ó compás dos cantares,
o ventiño que viña de lonxe
axudaba ó **gaiteiro** a tocare.*
25. *E que toque o **gaiteiro**
e que volva a tocar,
e que toque o **gaiteiro**
que queremos beillar.*
26. *¿E ti qué fas, gaiteiriño,
agora que vén o vran?,
todos sachando no millo
e ti coa gaita na man.*
27. *¡Ei!, rapaciños de Eirexafeita,
vide a bailar ó son do **gaiteiro**,
que xa repica o tamborileiro
i o do pandeiro vai comenzar.*
28. *Eí vai o **gaiteiro**
por tras do pinar,
coa galta i o bombo,
cansado de tocar.*
29. *Eí vai o **gaiteiro**,
deixadeo pasar,
que leva a gaita rota
e non pode tocar.*
30. *Eí vai o **gaiteiro**,*
- deixalo pasar,
que vai tocala gaita
coa ronda do lugar.*
31. *Eí vai o **gaiteiro**,
meniñas, beillai
i esí que non toque,
meniñas, cantai.*
32. *Eu ben vin o **gaiteiro** da moca,
eu ben o vin e ben sei como toca;
eu ben o vin, eu ben o vin,
inda non toca tan ben coma min.*
33. *Eu mirar, ben ten mirei
arrimadiña ó palleiro;
tiñala gaita na man,
solo faltaba o **gaiteiro**.*
34. *María a da venda nova,
dempois de vella é gaiteira:
mandou facer unha saia
rota pola dianteira.*
35. *Martes d'Antroido
¿pra cando has vir?
tixolas sen lume
non poden ruxir.
Noso Santo San Ramón
lévano de procesión,
lévano catro **gaiteiros**
sen chaqueta nin chaleco,
sen camisa nin cirolas,
sen elásticos nin medias,
sen zapatos nin correas,
sen sombreiro nin calzón,
torontontón, torontontón.*
36. *Maruxiña eu ben a vin
arrimadiña ó portelo,
tiña a gaitiña na man
e faltáballe o **gaiteiro**.*
37. *Meniña, vente conmigo,
vente conmigo pró eido
que vamos botar un baille,
pois meu pai éche **gaiteiro**.*
38. *Meniña, vente conmigo,
vente conmigo pró eido
que vamos botar un baille,
pois meu pai éche **gaiteiro**.*
39. *Morreu o **gaiteiro**...
-Déixaio morrer,
era un vello malo,
pegáballe á muller.*

40. *Na mellor festa galega,
ten que lucir un **gaiteiro**,
que tendo gaitiña e mozas
non se precisa o diñeiro.*
41. *No inferno hai unha festa
que a fan os condenados,
o **gaiteiro** era o xaneiro
cos dentes arregañados.*
42. *Non hai amores máis firmes
que o do **gaiteiro** e a gaita:
eu sopro, e i-ela toca
nin a engano nin m'engana.*
43. *Non hai amores máis firmes
que os do **gaiteiro** e a gaita,
ela toca si eu punteo,
eu sopro si ela desmaia.*
44. *O cura de Antas é xastre
o do Seixido arrieiro
o de Xesta toca o bombo
e o da Lama é **gaiteiro**.*
45. *Ó gaiteriño de Bendia
¡mala centella o mate!,
non quere toca-la gaita
sen come-lo chocolate.*
46. *O gaiteriño de Corme
no roncón da gaita leva
un letreiriño que dice:
¡Arde o eixo, carballeira!*
47. *O gaiteriño de Corme
no roncón da gaita leva
un letreiriño que dice:
¡Ardell' o eixo, carballeira!*
48. *O gaiteriño sin gaita
non ten donaire nin sal;
fai coma a muller sin roca
que maldita cousa val.*
49. *O gaiteriño sin gaita
non ten donaire nin sal;
fai coma a muller sin roca
que maldito cousa val.*
50. *O **gaiteiro** - de San Xulián
fixo unha casa -de merda.de can:
saleu para fora -mirou para ela
¡probe de min, -que non ten chaminea!*
51. *O **gaiteiro** da Gudiña
e mailo de Martiñán
andan en preito co vento,
non sei si o vencerán.*
52. *O **gaiteiro** da Gudiña
e máis o da Martiñá
andan en pleito co vento
e non sei quén gañará.*
53. *Ó **gaiteiro** da Pena
mala centella cho mate,
non quere tocar a gaita
sin comer o chocolate.*
54. *O **gaiteiro** de aló de riba
no roncón da gaita leva
un letreiriño que dice:
'¡viva a xente desta terra!'*
55. *O **gaiteiro** de Vioño
malo costado cho mate,
que non quer toca-la gaita
sin tomar o chocolate.*
56. *O **gaiteiro** de Covelo
foi tocar a Santa Marta
adormeceu no camiño,
fuxíronll'os cans coa gaita.*
57. *O **gaiteiro** de Fornelos,
mala centella cho mate;
non quere toca-la gaita
sin toma-lo chocolate.*
58. *O **gaiteiro** de Garceiras
foi tocar a Vilanova
e no medio do camiño
rompéronlle a gaita toda.*
59. *O **gaiteiro** de Lugo,
¡mala centella o parta!,
sen que lle dean chocolate
non fai toca-la gaita.*
60. *O **gaiteiro** de Pereira
anda berrando na horta,
que lle furtan a muller
polo buraco da porta.*
61. *O **gaiteiro** de Perlío,
¡malo costado cho mate!
que non quer tocar a gaita
sin tomar o chocolate.*
62. *O **gaiteiro** de Saiá
foi tocar a Redondela
deixou a gaita no Grove
i agora chora por ela.*
63. *O **gaiteiro** de San Xulián*

*fixo un casa de merda de can;
nunca lle pudo dar coa idea,
¡pobre de min que non ten chaminea!*

64. *O gaiteiro de Santa Marta
roéronll'os ratos os foles da gaita.
Válgach'o demo tal picardía
como...*
65. *O gaiteiro de Soutela
foi tocar a Redondela,
perdeu a gaita no monte,
chorall' a muller por ela.*
66. *O gaiteiro de Soutelo
foi tocar ó fiadeiro;
leva metido no fol
un vermiño carpinteiro.*
67. *O gaiteiro de Soutelo
foi tocar a Pontevedra,
non levou a gaita consigo
e agora rabea por ela.*
68. *O gaiteiro de Soutelo
foi tocar a Redondela,
perdeu a gaita no monte
e as nenas choran por ela.*
69. *O gaiteiro de Soutelo
foi tocar a Santa Marta
e no medio do camiño
esfarellóuselle a gaita.*
70. *O gaiteiro de Soutelo
foi tocar a Vilaboa
as nenas de Vilapouca
roéronll'a gaita toda.*
71. *O gaiteiro de Soutelo
foi tocar a Vilanova,
e as fillas do Trabancas
roéronlle a gaita toda.*
72. *O gaiteiro de Soutelo
mal raio de Dio-lo mate
non quere toca-la gaita
se non lle dan chocolate.*
73. *O Gaiteiro de Soutelo
un raio de Deus o mate
non quere tocar a gaita
sin que lle den chocolate.*
74. *O gaiteiro de Soutelo
foi tocar a Santa Marta,
adormeceu no camiño,
os cans rilláronlle a gaita.*
75. *O gaiteiro de Soutelo
foi tocar a Santa Marta,
e no medio do camiño
descompúxoselle a gaita.*
76. *O gaiteiro de Soutelo
mala centella que o mate,
non quere tocar a gaita
mentres non beba e non xante.*
77. *O gaiteiro de Soutelo
mala centella que o mate,
non quere tocar a gaita
sin que lle den chocolate.*
78. *O gaiteiro de Soutelo
xa non toca cando quere
que lle romperon a gaita
e gobernáronlle a mullere.*
79. *O gaiteiro de Trabada
foi tocar a Santa Marta,
deulle o sono no camiño
e os cais roéronlle a gaita.*
80. *O gaiteiro do Sobrado
mala morriña lo mate,
que non quer toca-la gaita
sin toma-lo chocolate.*
81. *O gaiteiro do Soutelo
trailalará,
mala centella cho coma.
Foi tocar a Ribadeo
colléronll'a gaita
e rompéronlla toda.*
82. *O gaiteiro do Vioño,
malo costado cho mate,
que non quer tocar a gaita
si non lle dan chocolate.*
83. *O gaiteiro polo vran,
qué vida ten o gaiteiro
coa gaitiña na man.*
84. *O gaiteiro sin a gaita
no ten donaire nin sal
fai com'a muller sin roca
que maldito cousa val.*
85. *O gaiteiro toca a gaita,
a muller toca o tambor;
os fillos tocan o bombo,
o can ládralle ó roncón.*
86. *O gaiteiro toca a gaita,
a muller o tamboril,*

- os fillos as castañetas;
na miña vida tal vin.*
87. *O **gaiteiro** toca a gaita,
a muller toca o tambor,
os fillos tocan o bombo,
o can ládralle ó roncón.*
88. *O **gaiteiro** toca, toca,
o tamborileiro tamén;
o **gaiteiro** toca, toca,
i o meu amor xa non vén.*
89. *O meu pai éche **gaiteiro**
e miña nai tecedeira;
eu, como non teño oficio,
non vou topar quen me queira.*
90. *O meu pai éche **gaiteiro**
e miña nai tecedeira;
eu, como non teño oficio,
non vou topar quen me queira.*
91. *-Onde vas, **gaiteiro**?
-Deixalo pasar:
vai tocala gaita
ó fondo do lugar.*
92. *-¿Onde tocaches, **gaiteiro**?
-Eu toquei de mar a mar.
-Moito andiveches, **gaiteiro**,
pouco puideches tocar.*
93. *Palmeira nena Palmeira
Palmeira que triste estás
e na serra de Gaiteira
roubáronch'o teu rapaz
roubáronch'o teu querer
o teu rapaz de pimpón
Palmeira da miña vida
Palmeira do corazón.*
94. *Palmeira, nena, palmeira,
palmeira, qué triste estas,
na ruada do meu **gaiteiro**
roubáronche o teu rapaz,
roubáronche o teu querer,
palmeira, nena, palmeira,
palmeira, qué lle has facer.*
95. *Para ladróns son os xastres,
tramposos os zapateiros,
os cegos son mocoñiños
e borrachos os **gaiteiros**.*
96. *Para ladróns son os xastres,
tramposos os zapateiros,*
- para putañeiros os cegos
e borrachos os **gaiteiros**.*
97. *Para pobre, ponte xastre,
para rico, zapateiro,
para puñateiro, crego,
para borracho, **gaiteiro**.*
98. *Pasou un caso chocante
nas montañas de Cibreiro
unha nena moi feitaña
que casou cun **gaiteiro**
ias nenas daquela terra
son moi amighas da ghaita
como haxa quen lles toque
bailan sempre e nunca cansan
el chamábase Cristovo
un día vendeu a ghaita
e a rapaza enfadouse
porque lle facía falta.
Pois non te enfades, rapaza
porque che vendín a ghaita,
vendina porqu'era vella
xa *iba estropiada
Pois boa cousa fixeches
póidete'atentar o demo
xa podes marchar da casa
qu'eu sin ghaota non te quero..*
99. *¡Qué vida levas, **gaiteiro**,
ahora que vén o vran,
co tirulirú ás costas
i tamparrantán na man!*
100. *¡ Qué pouca vergoña teñen
os mozos de San Martiño!
Deixan o **gaiteiro** solo
por non convidalo á viño.*
101. *Rapazas, vind'ó **gaiteiro**,
si queredes ter fortuna,
que no fol da gaita teño
un rapaz pra cada unha.*
102. *Romaría sen **gaiteiro**
é coma barco sen remo
e remo sen mariñeiro.*
103. *Romeiro que andas na rúa,
dille o **gaiteiro** que corra,
teño unha galiña mala,
teño medo que me morra.*
104. *Saléu o galo
co seu ranqueiro:
"Fáganse as bodas
qu'eu serei o **gaiteiro**."*

105. *San Aldrián é **gaiteiro**
gaiteiro San Aldrián
San Aldrián é **gaiteiro**
que leva a gaita na man.*
106. *Se queres que o carro cante
Como a gaita do **gaiteiro**
Bótalle o eixe de bido
E as tretoiras de amieiro.*
107. *Se queres que o carro cante,
como a gaita do **gaiteiro**,
faielle o eixe de *abedul
e as tretoiras de amieiro.*
108. *Tes un corpiño **gaiteiro**
e un andar acordeón,
non seias mala, neniña,
deixa que baile ese son.*
109. *Tes un corpiño **gaiteiro**
i un andar de acordeón;
non seas ruín, galeguiña,
deixa que baille iste son.*
110. *Tiru liru, miña gaita,
tiru liru, meu **gaiteiro**,
tiru liru, miña gaita,
témo-la gaita no eido.*
111. *Tirulero, miña gaita,
tirulero, meu **gaiteiro**,
agora que teño a gaita
fáltame o tamborileiro.*
112. *Tiruliru, miña gaita,
tiruliro, meu **gaiteiro**
teño tres ghaitas e media
fáltam'o tiriboleiro.*
113. *Tóca, **gaiteiro**
e fáim'así:
-¿Ten túa nai
perillós para ti?*
114. *Toca, **gaiteiro**, toca;
toca se queres tocar,
que están agardando as nenas,
que elas queren bailar.*
115. *Toda a miña vida andei
aire vendendo nun fol.
Agora, que xa son vello,
gaiteiro, déitase ó sol.*
116. *Toda a miña vida andiven
aire vendendo nun fol,
agora, que vou velliño,*
- ¡**gaiteiro**, déitase ó sol!*
117. *Unha meniña choraba,
arrimada a un palleiro,
tiña a gaitiña na mau
e faltáballe o **gaiteiro**.*
118. *Unha vella fixo as papas
arredor dunha figueira;
tódolos figos bailaban
ó son da vella gaiteira.*
119. *Vamos camiño da festa
que hoxe é día de troular,
e se o gaiteiriño quer
fartaremos de bailar.*
120. *Vamos camiño da festa
que hoxe é día de troular,
e se o **gaiteiro** quer
fartarémonos de troular.*
121. *Velaí vén o **gaiteiro**
por detrás do pinar;
velaí vén o **gaiteiro**,
vén da banda do mar.*
122. *Velo ahí vai,
velo ahí vai,
o **gaiteiro**
detrás do pinar,
e astra os pinos
lle axudan
ó ronquiño
a roncar.*
123. *Vide, nenas, ó **gaiteiro**
qu'hoxe vos corre a fortuna;
que dentro do fol vos trai
un rapás pra cada unha.*
124. *Vinde, pitos, ó poleiro
no Carnaval vai nevar
vinde mozas ó turreiro
que o **gaiteiro** vai tocar.*
125. *Vinde vinde, meus señores,
veña toda a comparsa,
prós **gaiteiros** hai filloas
fíxoas a ama da casa.*
126. *Vinde, nenas, ó **gaiteiro**
que hoxe traivos a fortuna:
metido no fol da gaita
ven un rapaz pra cada unha.*

A *gaita* no cantigueiro popular

1. A *gaita*, cando eu era mozo,
moito ben cha tocaba,
agora que vou para vello
xa non podó tocar nada.
2. A *gaita*, cando ma tocan
non a quero destemplada;
pois, tan sólo sendo así,
deixo d'ir á foliada.
3. A Lupiños por tocar,
viño blanco ll'han de dar;
si non lle dan viño blanco,
tira coa *gaita* ó mar.
4. A muller do gaiteriño
saliu a probar fortuna;
ela toca as dúas *gaitas*
e outra non toca ningunha.
5. A murga de Quintela
foi tocar a Santa Marta
i adormeceu no camiño
mentres roubáronlle a *gaita*.
6. Á quen me comeu as peras e mazás -
¡que lle senten coma alcacén ós cas! -
Non me veñas con lilainas
- non está o alcacén pra *gaitas*...
nin meu forno pra empanadas.
7. Ai Manuel da rúa alta,
ai Manuel da rúa alta,
moito che queren as mozas
porque lles tocas a *gaita*.
8. Alapiños, por tocar,
viño branco lle han de dar;
si non lle dan viño branco
tira coa *gaita* a o mar.
9. Alegría co tambor
e alegría coa *gaita*.
Non hai millor alegría
ca ter a barriga farta.
10. As nenas da nosa terra
son moi amigas da *gaita*,
que sempre que lles tocan
bailan e nunca se cansan.
11. Aviva esa *gaita*, mozo,
que a traes amortuxada,
e as nenas da miña terra,
quérena máis avivada.
12. Aviva esa *gaita*, mozo,
que a traes amortexada
e as nenas da miña terra,
quérena máis avivada.
13. Aviva esa *gaita*, mozo,
que a traes amortuxada
e as nenas da miña terra,
quérena máis avivada.
14. Bartolo ten unha *gaita*,
a muller ten un violó,
cando se a muller asaña,
tócalle a *gaita* Bartolo.
15. Bertolo ten unha *gaita*
e a muller ten un violó;
cando a muller se ll'enfada
tócalle a *gaita* Bertolo.
16. Calou a risa da pandeira,
calou o choro do tambor,
a voz da *gaita* feiticeira
adora ó Meniño Dios.
17. Compañeiro sei tocar;
-dime ló que sabes tocar;
-sei toca-la *gaita* gallega;
-toca logo a *gaita* gallega;
-niruni niru ia *gaita* gallega.
Compañeiro sei tocar;
-dime lo que sabes tocar;
-sei toca-lo tamborileiro;
-toca logo o tamborileiro;
-rancataplán...
18. Compañeiro sei tocar;
-dime lo que sabes tocar;
-sei toca-lo zambombeiro;
-toca logo o zambombeiro;
-zambombón io zambombeiro;
-rancataplán io tamborileiro,
niruni niru ia *gaita* gallega...
19. Cucuruchú,
miña *gaita* rabena,
toma dous cartos
e déixame a nena.
20. Déixame de castañetas,
de ferreñas e de *gaitas*,
qu'a mellor foliada é
ter a barriguiña farta.
21. Deixáte de castañelas
de ferreñas e de *gaitas*,
que a mellor foliada é
ter a barriga farta.

22. *Despois de facerlle a venia
A **gaita** podes sacar
E nosoutros pandeiretas
Para a foliada empezar.*
23. *E ti que fas, Manoliño,
e ti que fas no verán;
todos sachando no millo
ti coa **gaita** na man.*
24. *É un grande regalo
na casa do probe,
tocar unha **gaita**
méntre-lo rico come.*
25. *En Belén hai móitah féstah
tocan pandeiros e **gaitas**
vamos a Belén pastores
tocando as nosas flautas
dicen que naceu un neno
garrido com'onha prata
e no portal de Belén
d'unha Virxe a máis santa*
26. *En Belén hai moitas festas,
tocan pandeiros e **gaitas**,
vamos a Belén, pastores,
levemos as nosas flautas.*
27. *En Belén hai muito rumbio:
soan pandeiros e flautas,
vamos aló, pecureiros,
tocando nas nosas **gaitas**.*
28. *En la capital de Uviedo
una mozaquina y guapa
que casó con un gaitero
las mozas de aquella tierra
mucho le gusta la **gaita**
como haya quien se la toquen
bailan bailan nunca cansan
un día Cristovo vendió la **gaita**
y la muller se enfadó
cala muller q.*
29. *Esta noite é Noite Boa
Esta noite é de cantar,
Traede as **gaitas**, rapaces,
Que os pandeiros aquí estan.*
30. *Eu non sei qué díaño teñen
as nosas **gaitas** galegas,
que afervoan toda a sangre
e fan coxigas nas pernas.*
31. *Hai no inferno unha festa,
que a fan os escribanos;*
- o demo toca na **gaita**
cos dentes arregañados.*
32. *Houbo xente, houbo xente,
e **gaita** na romería,
i o bailador da muiñeira
portouse con gallardía.*
33. *Iel chamábase Cristovo
un día vendeu a **gaita**
e enfadósell'a muller
porque lle facía falta
pois non t'enfades, muller,
porque che vendín a **gaita**
vendina porqu'era vella
e taba toda 'stropheada.
Pois boa cousa fíceche,
seique te tentou o demo
xa podes marchar da casa
qu'eu sin **gaita** non te quero.
Ó outro día Cristovo
veu ó 'scorecer prá casa
saliull'a muller á porta
por ver se levab'a **gaita**
esí que lle viu a nova
botoulle a mau ó punteiro
esta sí que ch'é graciosa
tirulero meu gaitero
pois esta noite, muller,
hámola tocar un pouco
bailarémo-la jotaña
s'o permite san Antoño.*
34. *Manoel, Manoeliño,
Manoel da calle alta,
moito te queren as mozas
porque lles tocala **gaita**.*
35. *Manoel, Manoeliño,
Manoel da rúa Alta:
moito te queren as nenas
porque lles tocas a **gaita**.*
36. *Manoel, meu Manoeliño,
Manoel da rúa Alta;
moito che queren as mozas
porque lles tóca-la **gaita**.*
37. *Manoel, o da beira alta,
moito te queren as mozas
porque lles tóca-la **gaita**.*
38. *Manuel, Manuelciño
Manuel da rúa Alta
Moito che queren as nenas
Porque lles tocas a **gaita**.*

39. *Manuel, Manueliño,
Manuel da rua Alta,
moito che queren as mozas
porque lle tocal-a **gaita**.*
40. *Melchor toca nunha **gaita**,
Baltasar nun tamboril
e Gaspar que non é músico,
alumea cun candil.*
41. *Miniña churrandeira,
ven acá, meu amor;
bailarémo-la muiñeira,
ó son da **gaita** e tambor.*
42. *Moita festa hai en Belén
e tocan ferros e frautas,
iremos alá tamén
a lucil-as nosas **gaitas**.
Fálame mui baixo,
pétame pouquiño
pra que non desperte
o noso neniño.*
43. *Moito Ambrosio me gustóu
hoxe na Misa da **gaita**...
Ñamadre, quero esta tarde
ir con Amparo à rüada.*
44. *Moito choras, miña rosa,
Moito xemes e te matas,
Durme un instante siquera
Qu'eu farei o son coa **gaita**.*
45. *Moito lle queren as nenas
ó Manuel da casa alta;
moito lle queren as nenas,
porque lles toca a **gaita**.*
46. *Moito lle queren as nenas,
ó Manuel da casa alta,
moito lle queren as nenas
porque lles toca coa **gaita**.*
47. *Moito pra a Misa da **gaita**,
moito, nena, te compós.
Aventuro a que non é
pola Misa, nin por Dios.*
48. *Na mellor festa galega
ten que lucir un gaitero
que habendo **gaita** e mociñas
non se precisa diñeiro.*
49. *Nas vilas, meus compañeiros,
compañeiríños da ialma,
tamén teñen boas festas*
- con foguetes e con **gaita**.*
50. *No me venda*-la **gaita**
no la vendas por Dios
que la **gaita** que tengo
a tocamos los dos
la tocamos los dos
la tocamos los dos
no me venda-la **gaita**
no la vendas por Dios. (Var.:rompas).*
51. *Non vendas la túa **gaita**
non la vendas por Dios
la **gaita** que tú tienes
la tocamos los dos
la tocamos los dos
la tocamos los dos
non vendas la túa **gaita**
non la vendas por Dios.*
52. *Iai muller muller
comprareite una **gaita**
non marido non
que con la tuya me basta
non vendas la túa **gaita**
no la puedo vender
la **gaita** que yo tengo
es pra la mía mujer
es pra la mía mujer
non vendas la túa **gaita**
no la puedo vender
es pra la mía mujer
non vendas la túa **gaita**
no la puedo vender.*
53. *O beilar homes con homes
e mulleres con mulleres
é com'as **gaitas** sin foles
e pandeiros sin cordeles.*
54. *Ó gaiteriño de Bendia
¡mala centella o mate!,
non quere toca-la **gaita**
sen come-lo chocolate.*
55. *O gaiteriño de Corme
no roncón da **gaita** leva
un letreiriño que dice:
¡Arde o eixo, carballeira!*
56. *O gaiteriño de Corme
no roncón da **gaita** leva
un letreriño que dice:
¡Ardell'o eixo, carballeira!*
57. *O gaiteriño sin **gaita**
non ten donaire nin sal;*

- fai coma a muller sin roca
que maldita cousa val.*
58. *O gaiteriño sin **gaita**,
non ten donaire, nin sal;
fai coma a muller sin roca
que maldito cousa val.*
59. *O pandeiro toca, toca,
o pandeiro toca ben;
así tamén toco eu
cunha **gaita** de alcacén.*
60. *O tocar **gaita** sin foles
e pandeiros sin cordeles
é coma quen bota nabos
e recolle caraveles.*
61. *Onde vas, Maruxiña,
a dónde vas polo chan
todos segando no trigo
e tu ca **gaita** na mao.*
62. *Para toca-la **gaita**
os de Ribadouteiro,
para toca-la **gaita**
e mais o pandeiro,
para toca-la **gaita**
e mais o tamboril
os de Esmoriz.*
63. *Parroquia de Taramunde
por todo el mundo nombrada
fueron cantar el guinaldo
como todo Dios lo canta
fue Teresa del Santiago
viuda por su disgracia
¡Furafolles dos Couces
er 'l que tocab'a **gaita**
Serafina morenita
Serafina resalada
qu'engañou ós guinaldeiros
con ua morcía dd'auga...*
64. *Pedro de Castro e o Tarabasco
iban xuntos ó chunchín.
Pedro de Castro tocaba na **gaita**
i-o Tarabasco no tamboril.*
65. *Pero Merelo vai pol-o Prado,
leva a sua **gaita** na moca colgada.
-¿Por qué non tocas, Pero Merelo?
¿por qué non tocas? -Porque non quero.*
66. *Quixen unha nena roxa
saléum'unha boa galga,
e, desd'entonces non quero*
- máis amor qu'a miña **gaita**.*
67. *Quixéronme compra-la **gaita**,
e eu non a quero vender;
porque a **gaita** que eu teño
éche da miña muller.*
68. *Saca, Marica, do fondo da ucha
un neto de caña do tinto Ribeiro,
saca, Mariña, que case me ole,
mentras que vén esa **gaita** de fole.*
69. *Tanto bailei e bailei
coa **gaita** gallega,
tanto bailei e bailei
que me doi a cabeza.*
70. *Tiro-liro-lí, mi-ña-**gaita**,
tiro-liro-lí ¿que che falta?
te-lo viño na bodega
i o pantriguiño na arca.*
71. *Tirolero, miña **gaita**,
tirolero ¿que che falta?:
te-lo viño na bodega
i o pan trigo na miña arca.*
72. *Tiroliro, miña **gaita**,
tiroliro, que che falta,
te-lo viño na bodega
i o pan de trigo na arca.*
73. *Tiroliro, miña **gaita**,
tiroliro, que che falta:
telo viño na bodega
i o pantriguiño na iarca.*
74. *Tiroliro, miña **gaita**,
tiroliro, que che falta:
telo viño na bodega
i o pantriguiño na iarca.*
75. *Tiroliro, miña **gaita**,
tiroliro, que che falta
te-lo viño na bodega
e o pan de trigo na arca.*
76. *-Tiruliro, miña **gaita**,
tiruliro, ¿qué che falta?
-un grolo de bon viño
para mollar a garganta.*
77. *Tódolos ben casadiños
pagan a renta ó cuco
ieu tamén paguei a miña
tócam'a **gaita** Farruco.*
78. *Vait'á casa, meu meniño,*

- deixa a **gaita** no lagar,
que tes as cabras no monte
e as vacas por pastar.*
79. *Vén bailar Carmiña,
Carmiña Carmela,
con zapato baixo
e media de seda,
con media de seda,
de seda calada,
vén bailar, Carmiña,
que xa toca a **gaita**.*
80. *Véndeme la túa **gaita**
non la puedo vender
la **gaita** que yo teño
i é de la mía muyer;
non la vendas marido
non la vendas por Dios
la **gaita** que tú tienes
la tocamos los dos.*
81. *Vin vir a **gaita** -por cima d'o souto,
pouséi a roca -e bailei un pouco.*
82. *Vinde, mociñas e mozos,
con pandeiros a cantar;
i-ó son alegre da **gaita**
vinde todas a bailar.*
83. *Xa me compraban a **gaita**,
mais non a quixen vender;
porque esta miña gaitiña
éche da miña muller.*
84. *Xa me compraban a **gaita**,
mais non a quixen vender,
porque a miña gaitiña
éche da miña muller.*
85. *Xan d'Outeiro toca a **gaita**
a muller o violín
os fillos tocan os ferros;
¡vaya unha cousa ruín!*
86. *Xan d'Outeiro toca a **gaita**
e a muller o violín;
os fillos andan dicindo
¡"miña nai, nunca tal vin"!*
87. *¡Ai! **gaita**, canto te quero,
canto te quero, gaitiña,
miña xoia, miña bruxa,
miña meiga, miña amiga.*
88. *¿E ti que fas, gaiteiriño,
agora que vén o vran?,*
- todos sachando no millo
e ti coa **gaita** na man.*
89. *...-O peor é a barriga,
se non temos que comer,
pero tocando na **gaita**
podémonos distraer...".*
90. *...En Belén hai moita festa,
que tocan chifros e frautas,
vamos nós aló tamén
a tocar as nosas **gaitas**
i a aledar ó noso Ben.*
91. *...Inda non saliu da igrexa,
dixoll'a pobre rapaza:
-Farruco, se non recelas
asme d'enseñar a **gaita**...".*
92. *...Neniñas d'a Cruña,
alegravos todas,
que veñen as fabas
e as patacas novas.
Antón era eu, etc.
Nenas d'o rueiro,
eu ben vos entendo
vós queredes **gaita**
y eu no-n-a teño.
Antón era eu, etc...*
93. *...Pos aora miña nena,
gaita non ch'ha de faltar,
festa arriba, festa abaixo,
xa t'encherás de bailar...".*
94. *...Vós queredes **gaita**
tamboril e todo
quen vo-lo trouxera
sería un gran tolo
Antón era eu, andaba n-a danza
non sei que lle deu, etc.*



Obradoiro de Gaitas Seivane

Volteiro, 1 - B

15650 CECEBRE - CAMBRE

A Coruña - España

Tel/fax: (+34) 981 676 656

obradoiro@seivane.es

www.seivane.es